



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Dona **INÉS SANTOS PEREIRO**, alcaldesa
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER

Que pola Resolución do 4 de marzo de 2019, sa Secretaría Xeral de Igualdade, se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das **axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero**, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 52 do 14/3/2019). SI460A.

Obxecto: dar cumprimento a varias das medidas do pacto de Estado en materia de violencia de xénero, e proporcionar apoio económico ás persoas citadas no seguinte apartado, cunha indemnización de axuda directa, co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor de violencia de xénero) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas.

Tipos de axudas:

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero e que dependan economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor.
2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requirisen hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Requisitos das persoas beneficiarias

Fillos e fillas: No caso de menores de idade non hai límite de ingresos. No caso de maiores de idade ata 30 anos inclusive, deben depender economicamente da nai e/ou do pai agresor. Entenderase así cando na data do falecemento as persoas beneficiarias convivisen coa nai e non percibisen rendas, de calquera natureza, que en cómputo anual, superasen 12 mensualidades do [IPREM](#) vixente.

As mulleres feridas gravemente, con lesións que requiriran hospitalización, como consecuencia dunha agresión de violencia de xénero, sempre que na data en que se producisen os feitos se cumprisen os seguintes requisitos: Ser muller, maior de idade ou emancipada, e atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase así cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen non superen o importe do [IPREM](#) vixente.

Prazo de presentación: ata o 30 de novembro de 2019

Presentación de solicitudes e máis información: **Servizos Sociais Comunitarios**

Tordoia , a 13 de marzo de 2019

a alcaldesa

